BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 19 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 266

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: Conversión en autovía do Corredor Nadela-Sarria. Treito: Nadela - A Pobra de San Xiao

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/21/218.01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de decembro de 2026

Lugo, 12 de novembro de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

LISTAXE DE PROPIETARIOS

EXPEDIENTE:

CLAVE: **LU/21/218.01**

OBRA: **CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DO CORREDOR NADELA - SARRIA.**

TREITO: NADELA - A POBRA DE SAN XIAO

CONCELLO: **LUGO**

PREDIO	TITULAR/ES	DNI
2	CAMPSA ESTACIONES DE SERVICIO SA	***4927**
3	CAMPSA ESTACIONES DE SERVICIO SA	***4927**

R. 3126

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 13 DE NOVEMBRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE ATS-DUE, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de ATS-DUE para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ***ACORDE****:*

1º *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de* ***ATS-DUE****, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).*

2º *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260 do 12.11.2025.*

3º *Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

4º *Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

5º *Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.*

6º *Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."*

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación ,sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE ATS/DUE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
ATS-DUE	A	A2	Centros de atención á persoas maiores da provincia de Lugo así como as distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

Graduado ou diplomado universitario en enfermaría.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS:

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

3. As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administración públicas.

4. Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.

5. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

6. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administración Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

7. O Modelo de Atención Centrada na Persoa na atención e coidados sociosanitarios. O rol do profesional de enfermería no Modelo de Atención Centrado na Persoa

8. Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dereitos sanitarios relacionados coa: integridade e intimidade da persoa; co acompañamento do/a paciente; coa autonomía de decisión; confidencialidade e información; con la documentación sanitaria. Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia.

9. Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia. A atención farmacéutica nos centros sociosanitarios. Os depósitos de medicamentos e produtos sanitarios. O papel da enfermería e relación cos medicamentos nos centros sociosanitarios.

10. Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores: requisitos mínimos de persoal e condicións técnicas. RUEPSS, rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, etc.

11. A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de Atención Individual nos centros de atención ás persoas maiores. A folla de ruta persoal.

12. Valoración xeriátrica integral; valoración funcional. Valoración mental. Valoración social. Valoración clínica. Escalas e instrumentos.

13. Plans de Coidados en Xeriatría. Plan de Atención Individual.

14. Xeriatría preventiva e coidados básicos no maior. Actividade Física, vacinacións, control de factores de risco.

15. Alimentación no maior. Necesidades nutricionais especiais. Nutrición enteral e parenteral. Malnutrición. Deshidratación e alteracións hidroelectrolíticas.

16. Utilización de fármacos no maior. Modificación farmacocinética e efectos adversos. Saúde bucodental no maior.

17. O pé da persoa maior. Vasculopatías periféricas, neuropatías e amputacións. Problemas cutáneos no maior.

18. As síndromes xeriátricas. Tipos, factores de risco e prevención e tratamento.

19. Coidados de vías, sondas e drenaxes. Rexistros e actuacións.

20. Osteoporose e fracturas no maior. Prevención, tratamento e coidados.

21. Úlceras por presión. Infeccións no maior. Coidados da persoa con infección.

22. Deprivación sensorial. Alteracións sensoriais no maior.

23. Alteración das constantes vitais: hipotermia, hipotensión, oliguria.

24. Trastornos Cardiovasculares. Factores de risco e patoloxía máis frecuente. Coidados da persoa con ACV. Coidados da persoa con Insuficiencia Cardíaca.

25. Trastornos respiratorios máis frecuentes no maior. Coidados da Enfermidade Obstrutiva Crónica. A dor crónica no paciente xeriátrico.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

26. Trastornos dixestivos máis frecuentes no maior. Trastornos renais e urolóxicos máis frecuentes no maior.

27. Trastornos endocrinolóxicos e metabólicos máis frecuentes no maior. Coidados da persoa con Diabetes Mellitus Tipo 2

28. Trastornos neurolóxicos máis frecuentes no maior. Coidados na enfermidade de Parkinson.

29. Trastornos osteoarticulares máis frecuentes no maior. Coidados dos reumatismos inflamatorios e dexenerativos.

30. Coidados de enfermaría ao final da vida no modelo de Atención centrado na persoa. Os coidados paliativos. A Lei Orgánica 3/2021 de regulación da eutanasia. Protocolo do Sergas sobre o procedemento para a realización da prestación de axuda para morrer.

Lugo, 16 de novembro de 2026.- O secretario xeral, P.S. a secretaria-interventora – xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3153

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 13 DE NOVEMBRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de TERAPEUTA OCUPACIONAL para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ***ACORDE****:*

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de ***TERAPEUTA OCUPACIONAL****, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).*

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260 do 12.11.2025.

3º Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TERAPEUTA OCUPACIONAL PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
TERAPEUTA OCUPACIONAL	A	A2	Centros de atención á persoas maiores da provincia de Lugo así como as distintas Unidades Administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

Ademais do sinalado na base xeral 4, as persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Grado ou Diplomatura universitario en Terapia Ocupacional

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS.

1. A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Principios de actuación das Administracións Públicas. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.
3. As fontes do Dereito Público na Administración Local. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administración públicas.
4. Os dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución.
5. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo e as súas competencias. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
6. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. A responsabilidade do persoal ao servizo das Administración Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

7. O Modelo de atención centrada na persoa na atención e coidados sociosanitarios. O rol do profesional de terapia ocupacional neste modelo.
8. Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia. Dereitos sanitarios relacionados coa: integridade e intimidade da persoa; co acompañamento do/a paciente; coa autonomía de decisión; confidencialidade e información; coa documentación sanitaria. Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

9. Autonomía da persoa e dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica. Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica: o dereito de información sanitaria; o dereito á intimidade; o respecto da autonomía do/a paciente; a historia clínica. O consentimento informado.

10. Definicións de terapia ocupacional segundo a Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WOFT), o Comité europeo de Terapia Ocupacional (COTEC) e a Organización Mundial da Saúde (OMS). Código de ética de terapia ocupacional.

11. Historia da terapia ocupacional: orixes, promotores, principios e feitos históricos. Terapia ocupacional en España, orixes e desenvolvemento. Institucións e desenvolvemento profesional. Competencias da terapia ocupacional.

12. Regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores: requisitos mínimos de persoal e condicións técnicas. RUEPSS, rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, etc.

13. A atención xerontolóxica centrada na persoa. Historia e proxecto de vida. O Plan de atención individual nos centros de atención ás persoas maiores. A folla de ruta persoal.

14. Análise da actividade. Aplicación da actividade con fins terapéuticos. Actividades da vida diaria. Definición e clasificación. A súa relación coa terapia ocupacional: relación terapéutica entre a persoa maior e o profesional da terapia ocupacional. Instrumentos de valoración.

15. Terapia Ocupacional en xerontoloxía e coidados básicos no maior. Valoración xerontolóxica integral (valoración clínica, mental, funcional e social). Planificación e intervención nos diferentes niveis asistenciais en xerontoloxía. Intervención domiciliaria nas síndromes xeriátricas de maior prevalencia. Atención as persoas coidadoras.

16. Os equipos interdisciplinar terapéuticos. Papel do terapeuta ocupacional nas equipas terapéuticas e as achegas á valoración xerontolóxica integral dende a súa disciplina. A relación terapéutica na intervención ocupacional.

17. Avaliacións da función física. Métodos e instrumentos de valoración articular. Arco de movemento articular. Goniómetro. Métodos e instrumentos de valoración muscular. Exame muscular manual. Escalas de cualificación. Métodos e instrumentos de valoración da forza manual e pinza dixital. Dinamómetro. Pinzómetro.

18. Métodos e instrumentos para valoración sensitiva e sensorial. Tacto superficial. Dor. Temperatura. Parestesia. Tacto en movemento. Discriminación de dous puntos estáticos e en movemento. Esterognosia. Propiocepción. Cinestesia. Monofilamentos. Procedementos.

19. Actividades da vida diaria: definición e clasificación. Instrumentos estandarizados para a súa valoración. Avaliación funcional. ABVD, AIVD, AAVD e escalas ou índices habituais de medición.

20. Terapia ocupacional na dor crónica non oncolóxica. Escalas de valoración da dor. Planificación e intervención en pacientes pluripatolóxicos e crónicos. Colaboración nas escolas de pacientes. Abordaxe non farmacolóxica.

21. Terapia ocupacional en coidados paliativos. Equipo de soporte de coidados paliativos. Atención integral non farmacolóxica.

22. Produtos de apoio. Definición. Clasificación. Indicacións en distintas patoloxías.

23. Ortesis. Concepto, funcións e mecanismo de acción. Clasificación internacional segundo a Asociación Mundial da Man. Propiedades dos materiais máis utilizados na súa confección.

24. Valoración, planificación e intervención en procesos reumatolóxicos: Artrite reumatoide: Valoración e intervención. Protección articular. Ergonomía. Exercicio e actividade. Ortesis e produtos de apoio. Melloría da capacidade funcional no fogar, o traballo e o lecer. Relaxación, dor e control do estrés.

25. Valoración, planificación e intervención en procesos reumatolóxicos.: Artrose: Valoracións funcionais, do fogar e do traballo. Tratamento: protección articular e conservación da enerxía. Adestramento das AVD e produtos de apoio. Adaptacións do fogar e do traballo. Intervención despois da cirurxía de substitución articular.

26. Valoración, Planificación e intervención da Terapia Ocupacional na enfermidade cardíaca e respiratoria. Función do terapeuta ocupacional. Terapia das limitacións funcionais permanentes. Optimización do funcionamento físico. Técnicas de conservación da enerxía. Prevención de problemas futuros.

27. Prevención e tratamento da inestabilidade e as caídas. Intervención en terapia ocupacional. Medidas de prevención individuais e colectivas. Programas de actividade física nas persoas maiores. Eliminación de barreiras e deseño de espazos terapéuticos.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

28. A terapia ocupacional en xerontoloxía. Actividades adecuadas para o fomento da autonomía persoal. O papel do xogo nas actividades de Terapia Ocupacional. A psicomotricidade como actividade da terapia ocupacional. Calidade de vida na vellez. A promoción da autonomía persoal.
29. Intervención non farmacolóxica en terapia ocupacional. Normativa estatal e autonómica sobre suxeicións. Clasificación das suxeicións e medidas a aplicar para eliminalas e procurar estar libre de suxeicións. En caso de ter que aplicalas, procedemento máis axeitado, valoración da medida, e procedemento de seguimento.
30. Novas tecnoloxías na terapia ocupacional. A aplicación práctica coas persoas maiores.

Lugo, 16 de novembro de 2026.- O secretario xeral, P.S. a secretaria-interventora – xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3154

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 13 DE NOVEMBRO DE 2026 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE AXUDANTE MECÁNICO/A, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 13 de novembro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de axudante mecánico/a para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2025 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ***ACORDE:***

1º *Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de* ***axudante mecánico/a****, agrupacións profesionais, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*

2º *Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) aprobadas na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 (BOP núm. 260, do 12 de novembro de 2025).*

3º *Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.*

4º *Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.*

5º *Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.*

6º *Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."*

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do dia seguinte o

da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o dia seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE AXUDANTE MECÁNICO/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reservas a persoas con discapacidade).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	GRUPO/ SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓNS
AXUDANTE-MECÁNICO/A	Agrupacións profesionais	Ao Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, ou ás distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a/s persoa/s ocupante/s realizará/n as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO

4.2 Titulación académica.

As persoas aspirantes deberán posuír os requisitos sinalados na base xeral 4, e non se require estar en posesión de ningunha titulación académica para ser admitido, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

4.2 Outros requisitos.

Permiso de condución tipo B.

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 2

6. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS

1.- A Constitución Española. Principios Xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo: competencias e organización.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

2.- Ferramentas manuais do taller: tipos, características e utilización básica. Normas de conservación e mantemento. Equipos de medición básica. Maquinaria básica do taller: uso seguro e mantemento elemental.

3.- O motor de combustión interna: principios básicos de funcionamento, elementos principais e mantemento básico.

4.- Sistemas básicos do vehículo e mantemento elemental. Pneumáticos: tipos, presións, desgaste, substitución e equilibrado.

5.- Prevención de riscos laborais no taller mecánico: riscos específicos do posto, equipos de protección individual e manipulación de cargas. Normativa básica en materia de seguridade e saúde.

Lugo, 16 de novembro de 2026.- O secretario xeral, P.S. a secretaria-interventora – xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos, Leticia Rodríguez Díaz.

R. 3155

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Aprobado definitivamente, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, o expediente de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Crédito extraordinario en aplicacións de gastos

Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Modificacións anteriores	Modificación que se propón	Créditos finais
231/623	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	0,00	0,00	11.000,00	11.000,00
920/626	**Equipos para procesos de información**	0,00	0,00	7.000,00	7.000,00
TOTAL				**18.000,00**	**18.000,00**

Aplicacións de ingresos

APLICACIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓNS	SUPLEMENTO DE CRÉDITO 12/2026	CRÉDITO EXTRAORDINARIO	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
87000	0	938.273,08	1.853.934,01	18.000,00	2.810.207,09
TOTAL	**0**	**938.273,08**	**1.853.934,01**	**18.000,00**	**2.810.207,09**

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 16 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3156

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA SETEMBRO 2026

Por Xunta de Goberno Local do día 09.11.2026 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de SETEMBRO de 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporanse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 25.11.2026 ata o 25.01.2027.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 12 de novembro de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3127

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 9 de novembro de 2026 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de outubro de 2026.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

As Nogais, 9 de novembro de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 3128

RIBADEO

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación de ordenanza fiscal reguladora da Taxa por ensinanzas especiais.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do Concello de Ribadeo do día 29/09/2026 de modificación das da ordenanza fiscal T21 reguladora da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Danza. Escolas Deportivas Municipais. Actividades deportivas no rural.

O texto íntegro da modificación da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Coa modificación puntual proposta, o contido do artigo 5 da ordenanza fiscal pasa a ser o seguinte:

"Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria estará constituída polas cantidades fixas e tarifas seguintes:

1. Escola de Música e Danza. Por ensinanzas impartidas na Escola Municipal de Música e Danza o importe da matrícula por curso académico será o seguinte:

i. Música e Movemento (1º ciclo): 130,00 €

ii. Música e Movemento (2º ciclo): 150,00 €

iii. Obradoiros instrumentais: 150,00 €

iv. Linguaxe musical: 150,00 €

v. Instrumento/Canto: 190,00 €

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)

vi. Percusión Tradicional: 130,00 €

vii. Predanza: 130,00 €

viii. Preparatorio danza: 190,00 €

ix. Danza clásica/contemporánea: 200,00 €

x. Danza adultas: 150,00 €

Establécese unha matrícula de 50,00 € por alumno/a.

Para aquel alumnado que se matricule en tres ou máis materias establécese o desconto sobre o custo total das matrículas que formalicen, sempre que sexan de pago, do dez por cento.

2. Escolas Deportivas. Por ensinanzas impartidas en calquera das Escolas Deportivas Municipais a cota tributaria virá determinada pola seguinte tarifa:

- De xaneiro a xuño: 60,00 €

- De setembro a decembro: 40,00 €

3. Actividades deportivas no rural: 15,00 € mensuais."

De conformidade co disposto no art. 17 do RDL 2/2004 que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o texto a información pública durante un período de 30 días aos efectos da presentación de alegacións. No caso de non rexistrarse alegacións, a aprobación inicial considerarase elevada a definitiva sen máis trámite.

Ribadeo, 12 de novembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3129

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliaria de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao terceiro trimestre de 2026, o citado padrón estará a disposición do publico durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Xaneiro de 2027, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 12 de novembro de 2026.- O alcalde, Sr. Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3130

Anuncio publicado en: Num BOP 266 año 2026 (19/11/2026 08:00:00)